



CADERNO

Lingua

Primeiro trimestre

O caderno Lingua 4, para cuarto curso de primaria, é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Teresa Grence Ruiz** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

TEXTO

Teresa Broseta Fandos (Lecturas iniciais)

Ánxela Carril Caldelas

Luz Cures Vázquez

Paula Fernández Seoane

Rosa I. García de Blas

Xavier Molina Martí

Roxelio Sarriá Batlle

Amparo Tortosa Sanz

Afonso Toimil Castro

ILUSTRACIÓN

Agustín Comotto

EDICIÓN EXECUTIVA

Amparo Tortosa Sanz

Afonso Toimil Castro

DIRECCIÓN DO PROXECTO

Ana María Guerra Cañizo

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN EDITORIAL DE PRIMARIA

Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero

Índice



Unidade 1

COMPRENDO UN TEXTO INFORMATIVO. <i>Casas novas, casas vellas</i> .	4
GRAMÁTICA. As linguas de España. O galego	6
ORTOGRAFÍA. Sons e letras	8
VOCABULARIO. A casa. O dicionario	10
SABER FACER. Escribir un correo electrónico	12
ACTIVIDADES DE REPASO.	13

Unidade 2

COMPRENDO UN CONTO. <i>Un novo cociñeiro</i>	14
GRAMÁTICA. A sílaba e a palabra	16
ORTOGRAFÍA. O son B. A grafía b	18
VOCABULARIO. A cociña. Os sinónimos	20
SABER FACER. Redactar un anuncio para a radio	22
ACTIVIDADES DE REPASO.	23

Unidade 3

COMPRENDO UN TEXTO TEATRAL. <i>Tarde de cine</i>	24
GRAMÁTICA. O grupo nominal	26
ORTOGRAFÍA. O son B. A grafía v	28
VOCABULARIO. O cine. Os antónimos	30
SABER FACER. Describir un decorado	32
ACTIVIDADES DE REPASO.	33





Unidade 4

COMPRENDO UN TEXTO PERSOAL. <i>Sorpresa no laboratorio</i>	34
GRAMÁTICA. O substantivo	36
ORTOGRAFÍA. A grafía h	38
VOCABULARIO. O laboratorio escolar. Palabras polisémicas	40
SABER FACER. Dar instrucións para facer un experimento	42
ACTIVIDADES DE REPASO.	43



Unidade 5

COMPRENDO UN TEXTO POÉTICO. <i>Un lugar especial</i>	44
GRAMÁTICA. Artigos, posesivos e demostrativos	46
ORTOGRAFÍA. Palabras con ex- e con es-	48
VOCABULARIO. A sala de lectura. Palabras parónimas	50
SABER FACER. Narrar en viñetas	52
ACTIVIDADES DE REPASO.	53
Repaso trimestral	54



Casas novas, casas vellas

A vivenda é unha das necesidades básicas dos seres humanos. Unha necesidade que, na prehistoria, adoitaba resolverse cunha cova... Non obstante, hoxe en día as posibilidades son moitas. Gustaríache vivir nun altísimo rañaceos, ou mellor nunha planta baixa? Ou quizais nun pazo? Hai moito onde escoller!

Malia que as vivendas humanas cambiaron bastante ao longo da historia, hai unhas cantas que se mantiveron inalteradas. É dicir, que se constrúen agora practicamente como se facía moitos séculos antes. É o caso, por exemplo, dos iglús e das palafitas. Coñeces estes tipos de casas?


Os iglús son os refuxios que se constrúen con neve ou xeo nas zonas polares. Teñen forma de bóveda e medidas diferentes. Non é fácil atopar diferenzas entre un iglú moderno e outro antigo!


As palafitas son casas construídas sobre a auga, apoiadas en piares ou en estacas. Este sistema, empregado desde a Antigüidade, úsase aínda en moitos países de América do Sur e de Asia. E a miúdo cos mesmos materiais ca antes: madeira e cana.

Xa ves que non todo cambia co tempo!



1 Escribe o nome de cada tipo de vivenda.







2 Relaciona cada vivenda cos materiais que se usan para construíla.

iglú

palafita

madeira

neve

cana

xeo

3 Repasa a lectura e completa a descrición destas vivendas.

- Os son os
que se constrúen con
ou nas zonas .



- As son
construídas sobre a ,
apoiadas en ou .



4 Escribe cada palabra no seu lugar.


cova • pazo • vivenda • refuxio

- Lugar onde alguén se recolle para protexerse.
- Calquera tipo de casa onde se pode vivir.
- Vivenda escavada na rocha.
- Casa grande, antiga e nobre, especialmente a situada no medio rural.



5 Subliña. Que quere dicir a frase
*Non é fácil atopar diferenzas
entre un iglú moderno
e outro antigo?*

- Que son moi diferentes.
- Que son iguais.



As linguas de España. O galego

LEMBRA

Ademais do castelán, que se fala en toda España, hai zonas onde se falan outras linguas; por exemplo, en Galicia fálase o galego. Excepto o éuscaro ou vasco, todas as linguas que se falan en España proveñen do latín.

O **galego** ten uns sons, unhas letras e unhas palabras propias que o diferencian do resto de linguas de España procedentes do latín.

1 Sinala unha comunidade onde se fala cada lingua.



2 En que lingua fala cada rapaz? Escribe.



3 Que dúas linguas son oficiais en Galicia? Completa.

- As linguas oficiais de Galicia son o e o .

- 4 Hai palabras que se escriben igual en galego e en castelán, pero teñen un significado distinto en cada lingua.

Escribe debaixo de cada imaxe G (galego) ou C (castelán), segundo represente o significado da palabra nunha lingua ou noutra.

almorzar



zorra



niño



- 5 Escribe as palabras galegas equivalentes ás castelás *almorzar*, *zorra* e *niño*.


- 6 Completa as oracións coas palabras da actividade 4.

- O neno escorregaba na pola neve.
- Para hai leite, galletas e un zume.
- A cegoña ten o no campanario.

- 7 Risca en cada caso a forma que non é galega.



billa
grifo



vasoira
escoba



contenedor
colector
contedor



xaula
gaiola



tea
tela



baralla
baraxa

Sons e letras

LEMBRA

As **letras** ou grafías son os signos con que representamos os sons por escrito. Hai sons que se representan cunha soa letra e outros que se poden representar con máis dunha. Ás veces, unha letra pode representar sons diferentes. Outras veces, dúas letras xuntas, os dígrafos, representan un único son.

1 Clasifica estas palabras segundo o número de letras que as forman.

- | | | | | | |
|----------|------------|-----------|-----------|------------|------------|
| ■ agoiro | ■ floraría | ■ tellado | ■ tesouro | ■ horta | ■ abella |
| ■ queixo | ■ libro | ■ carro | ■ algunha | ■ cacheira | ■ guitarra |


5 letras

6 letras

7 letras

8 letras

2 Escribe os nomes dos elementos representados.



3 Completa os enunciados e pon como exemplos as palabras da actividade anterior.

- O son Z pódese representar con e con .
- Por exemplo: ,
- O son K pódese representar con e .
- Por exemplo: , .
- A letra r representa sons.
- Por exemplo: , .
- A letra x representa sons.
- Por exemplo: , .



4 Arrodea as grafías segundo o código de cores.



unha grafía e un son



unha grafía e diversos sons



dúas grafías e un son



unha grafía e ningún son

h	f	x	t	ll	d	r
a	r	c	nh	m	ch	

5 Escribe palabras en que a letra proposta represente sons distintos.

letra x

letra r

letra c

A casa. O dicionario

1 Arrodea o tipo de casa que se ve en cada debuxo.




edificio

casas acaroadas




chalé

pazo



bloque de pisos

mansión



planta baixa

rañaceos

2 Identifica na imaxe as partes da casa que se indican.



1 Fachada

2 Xardín

3 Porta

4 Cerca

5 Terraza

6 Tellado

3 En que parte da casa atopamos estas parellas de elementos? Responde.



Un catavento



Un pararraios

► No



Un parasol



Unha hamaca

► Na




Unha cerradura



Un petador

► Na



Un balcón



Unha ventá

► Na

4 Escribe a frase feita completa e marca o significado correcto.

Tirar a  pola  ►

☐ Facer un gasto moderado.

☐ Facer un gasto extraordinario.

5 Arrodea o debuxo que corresponde a cada definición.



canlón s. f. Conduto que recolle a auga da chuvia do tellado.



cornixa s. f. Elemento que sobresaia da parte de arriba dun edificio.

6 Pinta a forma con que buscarías no dicionario as palabras destacadas.

- Gardamos as **cadeiras** vellas no faiado.
- **Mercaremos** máis plantas para o xardín.
- **Cambiei** a persiana do garaxe.

cadeira

cadeiras

mercaremos

mercar

cambiei

cambiar

7 Relaciona cada tipo de dicionario co exemplo correspondente.

Os dicionarios xerais explican o significado das palabras.

abrir v. (*separar, permitir o acceso, despregar*) to open.


Os dicionarios de sinónimos e antónimos propoñen palabras co mesmo significado e cun significado contrario.

abrir v. Apartar ou sacar o que tapa ou cobre algo: *abrir un armario*.

Os dicionarios bilingües indican como se di unha mesma palabra en dúas linguas.

abrir v. SIN. despechar, entreabrir, destapar. ANT. pechar, tapar, cerrar.

- 1 Marca unha actividade que che gustaría facer esta fin de semana.



- 2 Escolle quen queres que te acompañe na actividade que elixiches e explica quen é.

Quero que me acompañe

- 3 Escribe un enderezo de correo electrónico para esta persoa.

@.com

- 4 Escríbelle un correo electrónico a esta persoa para contarlle o que queres facer a fin de semana e convida a participar.

Enderezo

Tema do correo

Para:

Asunto:

Texto con
saúdo,
despedida
e sinatura

ACTIVIDADES DE REPASO

- 1 Que linguas se falan en España? Anota os nomes de todas as que lembres.

En España fálanse



- 2 Menciona dúas linguas que utilices normalmente e explica para que as empregas.

▪ Utilizo o para

▪ Utilizo o para

- 3 Que particularidade teñen? Fíxate nas letras destacadas en cada nome e relaciona.




Gonzalo e **L**ía

Son letras distintas,
pero representan
o mesmo son.



Mar**c**ela e Ni**c**o



Á**g**ueda e Xa**q**uín

É a mesma letra,
pero representa
sons diferentes.



Farruco e **Ch**iruca



Raúl e Sara

Son dúas letras xuntas,
pero representan
un único son.



César e **Z**oé